

## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 10 DE DECEMBRO DE 2021

Ás 11:00 horas do día 10 de decembro de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 3 de decembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno  
D. Jesús Núñez Torrón López, xefe da Área de Benestar Social (asiste aos puntos 2a e 4)  
D<sup>a</sup>. María Cristina Chao Polo, xefa do Servizo de Festas (asiste aos puntos 2b e 6a)  
D<sup>a</sup>. Ruth María Santos Gallego, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario (asiste aos puntos 9a e 10b)  
D<sup>a</sup>. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste aos puntos 10b e 10c)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de análise e diagnóstico das condicións de vida das persoas maiores en Vigo e proposta dun plan estratéxico de atención (224.888-301) (emenda de documentación)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 26 de novembro de 2021, o 30 de novembro se concedeu un prazo de tres días a EXPORTRENDS CONSULTING, S.L. para que puidese emendar a documentación persoal. O licitador presentou documentación dentro do prazo concedido.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 10:16	Páxina 1 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAC43-52D6CB-36CA4D-SY1PQN-P4RACU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a EXPORTRENDS CONSULTING, S.L. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

**b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de caramelos e agasallos para a Cabalgata de Reis 2022 e a visita dos Reis a centros sanitarios (9.001-335)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desenscriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. (lotes 1 e 2) por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

**4.- Apertura da documentación técnica**

**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de análise e diagnóstico das condicións de vida das persoas maiores en Vigo e proposta dun plan estratéxico de atención (224.888-301)**

Procédese á desenscriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

**5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de desenvolvemento dun modelo de presentación de información baseado en sistemas GIS 3D así como a subministración das correspondentes licenzas (9.715-113)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado polo técnico responsable de Modernización e Innovación e o xefe do Servizo de Administración Electrónica o 30 de novembro de 2021 de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 10:16	Páxina 2 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAC43-52D6CB-36CA4D-SY1PQN-P4RACU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

## 6.- Apertura económica

### a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de caramelos e agasallos para a Cabalgata de Reis 2022 e a visita dos Reis a centros sanitarios (9.001-335)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do único licitador admitido co seguinte resultado:

	Licitador	LOTE 1	LOTE 2	
		% de redución a aplicar aos prezos unitarios previstos no apartado 3.G	% de redución a aplicar aos prezos unitarios previstos no apartado 3.G	Incremento de prazo de garantía mínimo fixado pola lexislación vixente (2 anos)
1	EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. (lotes 1 e 2)	1%	1%	1 ano

Non asiste público á apertura.

A Mesa comproba que as ofertas de EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. para cada un dos lotes non conteñen valores anormais de conformidade cos criterios aos que se refire o apartado 7D do Anexo I -FEC- (artigo 85 do Real decreto 1098/2001) e acorda, por unanimidade:

1. Ordenar a única oferta presentada no lote 1 segundo a maior porcentaxe de desconto dos prezos unitarios previstos no apartado 3G das FEC do PCAP:

Orde	Licitador
1	EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U.

2. Outorgar a EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. a máxima puntuación no lote 2 por ser a única oferta admitida (cláusula 16.3 do PCAP):

	Licitador	% de redución a aplicar aos prezos unitarios previstos no apartado 3.G	Incremento de prazo de garantía mínimo fixado pola lexislación vixente (2 anos)
1	EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. (lotes 1 e 2)	80 puntos	20 puntos
Total			100 puntos



Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación do subministro de caramelos e agasallos para a Cabalgata de Reis 2022 e a visita dos Reis a centros sanitarios (9.001-335) na seguinte orde descendente:

Lote 1 “caramelos”:

Orde	Licitador
1	EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U.

- Lote 2 “agasallos”:

	Licitador	Puntuación
1	EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U.	100 puntos

Segundo.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar, EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. (B-27.858.398), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de desenvolvemento dun modelo de presentación de información baseado en sistemas GIS 3D así como a subministración das correspondentes licenzas (9.715-113)**

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” do único licitador admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo sen IVE	Melloras		Incremento horas mínimas servizo asistencia técnica
			Realización proxecto uso modelos Deep Learning pre-adestrados para extraer información de imaxes PNOA para todo o municipio de Vigo	Subministro licenza ArcGIS Image Analyst for ArcGIS Pro Online Term durante 1 ano	
1	ESRI ESPAÑA SOLUCIONES GEOESPACIALES, S.L.	37.156,00 €	si	si	-



O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

A Mesa comproba que a oferta de ESRI ESPAÑA SOLUCIONES GEOESPACIALES, S.L. non contén valores anormais de conformidade cos criterios aos que se refiren o apartado 7D do Anexo I -FEC- e a cláusula 18.1b) do PCAP e acorda, por unanimidade outorgar a EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. a máxima puntuación por ser a única oferta admitida (cláusula 16.3 do PCAP):

	Licitador	Redución do prezo	Melloras	Incremento das horas mínimas (8 horas) do servizo de asistencia técnica fixadas na cláusula 3.5 PPT
1	ESRI ESPAÑA SOLUCIONES GEOESPACIALES, S.L.	35	14	2
Total				51 puntos

Tendo en conta a puntuación obtida polo licitador na proposición avaliable mediante xuízo de valor (44 puntos) a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	ESRI ESPAÑA SOLUCIONES GEOESPACIALES, S.L.	44	51	95 puntos

## 9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliables mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

### a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de tres vehículos en réxime de arrendamento (renting) (14.613-445)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentado admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 3 de decembro de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación así como o informe que rectifica o anterior de data 9 de decembro. A Mesa acepta, por unanimidade, o informe de data 9 de decembro de 2021.

### b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (24.875-332)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 10:16	Páxina 5 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAC43-52D6CB-36CA4D-SY1PQN-P4RACU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentado admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación o 3 de decembro de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

## 10.- Propostas de clasificación/clasificación

### a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de desenvolvemento dun modelo de presentación de información baseado en sistemas GIS 3D así como a subministración das correspondentes licenzas (9.715-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de desenvolvemento dun modelo de presentación de información baseado en sistemas GIS 3D así como a subministración das correspondentes licenzas (9.715-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	ESRI ESPAÑA SOLUCIONES GEOESPACIALES, S.L.	95 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESRI ESPAÑA SOLUCIONES GEOESPACIALES, S.L. (B-86.900.057), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

### b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de tres vehículos en réxime de arrendamento (renting) (14.613-445)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 10:16	Páxina 6 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAC43-52D6CB-36CA4D-SY1PQN-P4RACU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 1 e 2 deste procedemento aberto para a contratación do subministro de tres vehículos en réxime de arrendamento (renting) (14.613-445) na seguinte orde descendente:

- Lote 1 "Vehículo turismo tipo SUV híbrido enchufable 4x4 alta gama":

	Licitador	Puntuación total
1	AUTOS BREA, S.L.	87,00 puntos

- Lote 2 "Dous vehículos eléctricos utilitarios":

	Licitador	Puntuación total
1	AUTOS BREA, S.L.	89,00 puntos
2	MOVELCO MOBILITY, S.L.	62,37 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes, AUTOS BREA, S.L. (B-15.015.985), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

**c) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (24.875-332)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 26 de novembro de 2021 polo que non se admite a GARCÍ VENTA, S.L. nos lotes 1, 2, 3, 4, 6, 7 e 8 deste procedemento polo motivo previsto na cláusula 14.1 do PCAP "A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador".



Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (24.875-332) na seguinte orde descendente:

- Lote 1: Materiais de construción, formigóns, morteiros e outros:

	Licitador	Puntuación total
1	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	100 puntos

- Lote 2: Materiais para pavimentos, aplacados e aparatos sanitarios:

	Licitador	Puntuación total
1	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	100 puntos

- Lote 3: Materiais para útiles e consumibles:

	Licitador	Puntuación total
1	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	95,33 puntos
2	TORRES Y SÁEZ, S.A.U.	10,00 puntos

- Lote 5: Materiais para carpintería de aluminio:

	Licitador	Puntuación total
1	HIROMEGAL, S.L.	100 puntos

- Lote 6: Materiais para fontanería e saneamento:

	Licitador	Puntuación total
1	ICOGA, S.L.	100,00 puntos
2	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	56,76 puntos

- Lote 7: Material para instalacións eléctricas:

	Licitador	Puntuación total
1	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	100 puntos

Terceiro.- Requerir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L. (B-36.641.132) (lotes 1, 2, 3 e 7), HIROMEGAL, S.L. (lote 5) (B-27.741.941) e ICOGA, S.L. (B-36.683.035) (lote 6), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas





Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



administrativas particulares (PCAP).

3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 10:16	Páxina 9 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAC43-52D6CB-36CA4D-SY1PQN-P4RACU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		